

**BOLETÍN  
INFORMATIVO**

# “ A TODOS OS QUE NOS SENTIMOS PROTAGONISTAS DO CAMPO ”



## **COOPERATIVA MELISANTO**

Agüeiros  
FURELOS  
MELIDE



**981 50 60 26**



*Edición Trimestral*  
*Depósito Legal: C-830-87*

**Nº 4 / 09**

# NOTICIAS BREVES



Dende o ano 2000 MELISANTO ven celebrando ano tras ano unha **Xornada dedicada á Muller**: socias, esposas ou fillas de socios. Nela tratábanse temas de actualidade ou interese, desenvolvíase un pequeno teatrillo e remataba a xornada cun xantar no que se seguía cambiando impresións sobre a problemática da muller ligada ao campo.

Nesta ocasión, debido ás dificultades económicas xeneralizadas, á crise que ven atravesando o sector agrogandeiro... fixeron que o Consello reitor tomase a decisión de aprazar este evento para máis adiante



Despois de case 39 anos traballando pola comarca Terra de Melide como Axente de Extensión Agraria, unha vez inaugurado o Servizo de Extensión Agraria no ano 1971 na terra de Melide (naquel momento abarcaba os concellos de Melide, Santiso e Toques), dependente do Ministerio de Agricultura de Madrid, para deixar de pertencer á comarca de Arzúa, **remata a longa vida laboral do Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Antonio Mosqueira Rañón ao acadar a súa idade de xubilación.**

Entre as labores desenvolvidas dende o seu posto de traballo, cabe destacar a promoción e constitución de MELISANTO Sociedade Cooperativa Galega, continuando como asesor e colaborador da mesma ata a actualidade.



A Lonxa Agropecuaria de Galicia situada en Silleda da un paso máis en canto a mellorar os procesos comercializadores, o que beneficia a todos os participantes e ao conxunto do sector galego.

Pasou a chamarse **Central Agropecuaria de Galicia e o seu servizo estrela son as Subastas de gando vacún** coa presenza física dos animais e sen a presenza dos propietarios que eliminan a tensión que provoca o regateo. A periodicidade das poxas segue sendo semanal, celebrándose tódolos martes.

Para o seu correcto funcionamento e tratar de obter a autofinanciación fíxose necesario o establecemento de taxas. O prezo negociado establece unha taxa fixa de 2,50 euros por tenreiro, 5,50 € por vaca e 1 euro para os animais en tránsito que non sexan vendidos na central agropecuaria. Acordouse eliminar o cobro do 1,50 % do valor da transacción en caso de animais vendidos e do 2 % para os rexeitados.



O prazo de presentación fixado pola Consellería do Medio Rural, a través do FOGGA, para a presentación de solicitudes de **Autorización de Cesión temporal de cota leiteira durante o periodo 2009-2010** permanecerá aberto ata o 28 de febreiro de 2010. Estas solicitudes poderán ser dilixenciadas, entre outros lugares, nas Ofici-

nas Agrarias Comarcais, e as cesións darán dereito aos cesionarios a utilizar durante o período en curso a cantidade individual de referencia obxecto da cesión, polo que se flexibiliza o sistema para compensar os excesos de produción dalgúns gandeiros cos déficits doutros.



Os produtores de leite galegos comezaron a percibir nas súas contas bancarias a axuda concedida pola Consellería do Medio Rural como apoio á viabilidade das explotacións leiteiras galegas solicitada no mes de setembro. Esta **axuda fíxose nun céntimo de euro por quilo de cota láctea**, e ata un máximo por explotación de 7.500 euros. Nalguns casos, a cantidade percibida foi fraccionada, polo que neste primeiro pago recibe un ingreso correspondente ao 70 % da axuda, e posteriormente terá un segundo ingreso co resto da subvención aprobada.



A actual lexislación comunitaria establece a través do Regulamento 1788/2003 do Consello do 29 de setembro, unha taxa suplementaria no sector do leite e dos produtos lácteos. Este Regulamento prorroga o réxime de cotas lácteas ata o 31 de marzo do ano 2015, a non ser que a Comisión Europea realice unha nova proposta que sexa aprobada por maioría polo Consello Europeo.

**MELISANTO**, despois de ter atravesada a súa crise para comercializar o leite dos socios da APA durante o último ano, na actualidade co novo Xerente ao fronte, está **facendo xestións co fin de acomodar toda a produción de leite ao mellor prezo**, partindo dun produto procedente de explotacións que desenvolven as prácticas correctas e velan polos aspectos relacionados coas condicións hixiénico-sanitarias do leite.



O Diario Oficial de Galicia do día 9 de decembro de 2009 publicou dúas Ordes da Consellería do Medio Rural convocando outras tantas **axudas para o ano 2010**.

Unha delas establece as bases reguladoras para **paliar os danos producidos polo lobo**, podendo acollerse a estas axudas os propietarios do gando afectado dentro da comunidade autónoma galega.

As solicitudes de axuda correspondentes aos danos producidos entre o 1 de outubro de 2009 e o 10 de decembro dese mesmo ano, cursaranse no prazo dun mes contado a partir do día 10 de decembro.

Para os danos ocasionados a partir do 10 de decembro de 2009, presentaranse as solicitudes de axuda dentro de mes seguinte ao de produción do dano.

Para os concellos de Toques e Sobrado dos Monxes, o importe das axudas veranse incrementadas nun 30 % por tratarse de zonas con ataques reiterados.



A outra **axuda vai destinada á apicultura** para prestar información e asistencia

---

técnica aos apicultores, loitar contra a varroase, racionalizar a transhumancia ou para o apoio á repoboación da cabana apícola.

As solicitudes presentaranse preferentemente nas Oficinas Agrárias Comarcais axustándose aos modelos oficiais publicados no DOG e o prazo de presentación remata o día 9 de xaneiro de 2010.




A partir do próximo 1 de xaneiro do 2010 MELISANTO contará cunha **nova Sección “Asociación de Defensa Sanitaria Ganadera”** (ADSg MELISANTO) para o servizo dos socios interesados na participación da mesma. A mellora da calidade sanitaria, a axilidade comercial e a rendibilidade das explotacións gandeiras requiren un alto nivel sanitario que só se pode lograr mediante accións conxuntas. Aqueles socios que mostren interese polo tema deberán poñerse en contacto cós Veterinarios da cooperativa.



Como en anos anteriores, **MELISANTO obsequia aos seus socios cunha participación de lotería por importe dun euro para o sorteo do Nadal** que se celebrará en Madrid o 22 de decembro de 2009 en cada un dos números 21.405 e 32.271. Os posibles premios, agás o reintegro, serán repartidos entre o número de socios que teña a agrupación no día do sorteo e que cumpran o acordo da achega ao capital social. Se tocase o reintegro, volveríase a xogar a mesma cantidade para o sorteo do Neno a celebrar o día 6 de xaneiro de 2010.



A Consellería do Medio Rural apoia o desenvolvemento dun novo modelo de sector lácteo que se recolle no Plan Estratéxico para o Sector Lácteo Galego, no que a Xunta vai investir 838 millóns de euros en cinco anos (2009-2013). A cifra total provén do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR), Política Agraria Común (PAC) e Programas nacionais (fondos das administracións central e autonómica).



---

# OS CENTROS DE CAPACITACIÓN AGRARIA

A Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal da Consellería do Medio Rural desenvolve e incentiva os procedementos axeitados para a modernización e a innovación tecnolóxica no sector agroalimentario e forestal. Difunde entre a sociedade o resultado dos coñecementos obtidos nos centros de investigación e incrementa, a través dos programas de formación e de transferencia de tecnoloxía, o nivel tecnolóxico dos sectores produtivos.

Para o complexo agroindustrial galego, isto supón poder dispoñer do soporte científico e tecnolóxico necesario para un desenvolvemento sustentable. Entre os obxectivos está desenvolver a investigación agrícola, gandeira e alimentaria, ademais de impulsar o desenvolvemento e a transferencia tecnolóxica.

Ampáranse proxectos que comportan novas orientacións produtivas ou de adecuación ao mercado e ás súas esixencias, actuando en áreas como a investigación e a transferencia de tecnoloxía, a certificación da calidade ou a promoción de iniciativas de mellora específicas.

Os programas de formación agraria e forestal favorecen a profesionalización e a incorporación dos mozos e das mozas ao sector primario e a aprendizaxe permanente dos profesionais do sector. Estes factores son de trascendental importancia para restablecer o equilibrio territorial do país en condicións de vida semellantes ás das zonas urbanas.

A formación continua ofrece resposta ás necesidades dos profesionais, entidades, asociacións e poboación relacionada co sector primario. É unha oferta formativa de calidade que se imparte a grupos reducidos con contidos prácticos, actuais e adaptados ás súas necesidades.

## Centros de formación

Os seis centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural están en Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte e Lourizán. A especialización dos centros de formación agraria adáptase ás características da zona, para converterse así en centros de referencia e aproveitar os recursos do lugar.

Ofertan unha ampla variedade de cursos entre as ensinanzas regradas e as non regradas, tamén chamadas de formación continua. As primeiras están divididas en ciclos de grao superior e ciclos de grao medio, programas de garantía social e módulos profesionais.

A formación continua fundaméntase en cursos eminentemente prácticos, impartidos

---

---

durante todo o ano e orientados a agricultores e gandeiros, como os cursos de aptitude empresarial agraria, de manipulador de produtos fitosanitarios e de mellora das explotacións e os cursos monográficos ou de especialización que se adaptan ás necesidades do momento.

Estes cursos teñen lugar tanto nos centros de formación agraria como nas OAC (Oficinas Agrarias Comarcais) e poden estar tamén organizados por outras entidades relacionadas co sector.

## **Centro de formación e experimentación agroforestal de Guísamo**

### **Infraestrutura**

Residencia de estudantes e comedor

Laboratorio

Biblioteca

Aulas dotadas de medios audiovisuais

Aula de informática

Parque de maquinaria, taller e almacén con cámaras frigoríficas

Zona agrícola de 90.000 m<sup>2</sup> con invernadoiros, alcouves e sistema de rega automatizado, viveiro de planta ornamental, plantación de froiteiras e viñado.

Campos de ensaio e demostración

Instalacións deportivas

### **Oferta de estudos**

#### **Ensinanza Regrada:**

Grao Medio: Xardinería

Grao Medio: Explotacións Agrícolas Intensivas

### **Outra formación:**

#### **PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL MODALIDADE B . P.I.P.**

Perfís ofertados:

Auxiliar de florería

Operario de actividades forestais

Operario de cultivos hortícolas

Operario de explotacións agropecuarias

Operario de viveiros e xardíns

#### **OFERTA PARCIAL DE MÓDULOS**

Ciclo formativo de grao medio .Xardinería.

Conservación e mellora de xardíns e zonas verdes

---

---

Implantación de xardíns e zonas verdes  
Métodos de control fitosanitario  
Xardinería de interiores e arranxos florais  
Relacións no equipo de traballo  
Formación en centros de traballo  
Ciclo formativo de grao medio .Explotacións agrícolas intensivas.  
Cultivos frutícolas  
Cultivos hortícolas  
Métodos de control fitosanitario  
Formación en centros de traballo

## **Centro de formación e experimentación agroforestal de Sergude**

### **Infraestrutura**

Internado  
Laboratorio  
Invernadoiro  
Explotación gandeira  
Aula de informática  
Parque de maquinaria e taller  
Campos de ensaio e demostración

### **Oferta de estudos**

#### **Ensinanza Regrada:**

Grao Medio: Traballos forestais e conservación do medio natural  
Grao Superior: Xestión e organización de empresas agropecuarias  
Grao Medio: Explotacións agrarias extensivas

## **CICLOS DE GRAO SUPERIOR**

### **Xestión e organización de empresas agropecuarias**

#### **Duración**

2 cursos académicos (2000 horas)

#### **Competencia**

Xestionar unha empresa agropecuaria, programando e organizando os recursos materiais e humanos dispoñibles e os traballos necesarios para acadar os obxectivos dunha produción economicamente rendible e de calidade e protección do medio natural.

---

---

### **Contorno**

Realizar traballos á fronte de explotacións agrarias de medianas dimensións; actuar como encargado responsable de explotacións agropecuarias; dirixir empresas de servizos a terceiros e centros cooperativos; integrarse en empresas de servizos de mecanización, actuando como encargado do taller de mantemento e reparación das máquinas utilizadas en explotacións agrarias. Do mesmo xeito, pódese integrar en explotacións de grandes dimensións e en cooperativas realizando tarefas ligadas a: traballos de campo, control e mantemento da maquinaria e equipos, alimentación, selección e reprodución gandeira, organización e xestión de explotacións, control de pragas e aplicación de fitosanitarios, técnicas de comercialización, etc.

### **Saídas**

Xerente de explotación agraria, propietario de explotación agraria, encargado de máquinas e de equipos agrícolas, encargado do control da inseminación artificial, aplicador profesional, xefe de taller rural, capataz de rega, xefe de almacén de produtos agrícolas, xerente de cooperativas de produción de sociedades agrarias de transformación (SAT) e outras asociacións de produtores, encargado de control do medio natural.

### **Título**

Técnico superior en xestión e organización de empresas agropecuarias.

### **Acceso**

Diplomado en ciencias empresariais; Enxeñeiro técnico agrícola; Enxeñeiro técnico de obras públicas; Enxeñeiro técnico en topografía; Enxeñeiro técnico forestal; Enxeñeiro técnico industrial; Licenciado en biotecnoloxía; Licenciado en veterinaria.

## **Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos**

### **Duración**

2 cursos académicos (2000 horas)

### **Competencia**

Xestionar os recursos naturais e paisaxísticos, programando e organizando os recursos humanos e materiais e os traballos necesarios para lograr os obxectivos de produción e de protección do medio natural.

### **Contorno**

Produción de plantas en viveiros. A súa implantación no medio forestal. Mantemento dos recursos presentes no monte para a súa mellora e racional aproveitamento posterior. Xestión de áreas recreativas e de lecer. Vixilancia do patrimonio.

### **Saídas**

Encargado de explotacións forestais ou espazos naturais. Xestor cinexético. Viveirista. Silvicultor. Axente de medio ambiente. Guía da natureza. Colaborador de centros de interpretación da natureza. Encargado de prevención e extinción de incendios forestais.

---

Técnico en fotografía e traballos alsodasométricos. Encargado de tratamentos fitosanitarios en forestais e xardíns. Encargado en maquinaria forestal. Encargado en piscifactorias. Consultor de empresas de traballos forestais e aproveitamentos de recursos forestais. Colaborador en gabinetes de educación ambiental. Colaborador en empresas de impacto ambiental. Colaborador en laboratorios de investigación e control. Colaborador en tarefas educativas en aulas da natureza e centros de interpretación. Deseño e mantemento de xardíns. Responsable de viveiros de plantas ornamentais. Deseño e desenvolvemento de proxectos de restauración de xardíns. Deseño de campos de golf. Organización do mantemento de campos de golf e de áreas recreativas urbanas e periurbanas. Autónomo en empresas de xardinería e/ou florería. Deseño de interiores. Responsable de obras de xardinería a pé de obra.

### **Título**

Técnico superior en xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos.

### **Acceso**

Diplomado en ciencias empresariais; Enxeñeiro técnico agrícola; Enxeñeiro técnico de obras públicas; Enxeñeiro técnico en topografía; Enxeñeiro técnico forestal; Enxeñeiro técnico industrial; Licenciado en biotecnoloxía; Licenciado en ciencias ambientais.



# SACRIFICIO DE GANDO EN MATADOIRO

Cada ano sacrificáanse na Unión Europea para carne uns 360 millóns de cabezas de porcino, ovino, cabrún e vacún, e varios miles de millóns de aves de corral. A proposta da Unión Europea sobre a protección dos animais introduce cambios na forma de sacrificar o gando. Coas novas normas, os matadoiros teñen que supervisar os animais despois de aturridos e cerciorarse de que non se reanimen antes de matalos.

As transformacións que experimenta o consumo da poboación polo cambio nos hábitos alimentarios e a crise económico financeira que vimos padecendo da lugar a unha redución no consumo dos diversos tipos de carne, tal como se reflicte a continuación:

No Estado español, no mes de agosto deste ano 2009 observouse un descenso do número de animais sacrificados con respecto ao ano anterior, mentres que permaneceu estable o peso das canais no mesmo período.

	Agosto 2009	Agosto 2008	Variación (%)
Número de animais	60.250.995	64.811.473	-6,42
Peso canais (toneladas)	400.700	398.752	0,49

No acumulado de xaneiro a agosto, existe un descenso do sacrificio ao comparalo co mesmo período do 2008, descendendo o peso das canais nun seis por cento, aproximadamente, e no número de animais sacrificados algo máis dun catro por cento. Reflictese no seguinte cadro:

	Xaneiro-agosto 2009	Xaneiro-agosto 2008	Variación (%)
Nº animais	509.074.827	531.842.767	-4,28
Peso canais (toneladas)	3.522.405	3.743.218	-5,90

No mes de agosto de 2009 en relación ao mesmo mes do ano 2008 os cambios registrados nas principais especies gandeiras foron:

**Gando BOVINO:** Descenso do 14 % en peso canal e do 14 % en número de animais sacrificados.

**Gando OVINO:** Descenso do 11 % en peso canal e do 10 % no número de animais sacrificados.

**Gando CAPRINO:** Incremento do 9 % no peso canal e do 7 % no número de animais sacrificados.

**Gando PORCINO:** Incremento do 9 % no peso canal e do 7 % no número de animais sacrificados.

**AVICULTURA:** Descenso do 7 % no peso canal e do 07 % no número de aves sacrificadas.

En relación ao **gando BOVINO**, as principais comunidades autónomas en canto a sacrificio de animais en matadoiro foron as seguintes, relacionando os meses de agosto dos anos actual e anterior:

<b>Nº total de animais bovinos sacrificados</b>			
<b>Comunidade Autónoma</b>	<b>Agosto 2009</b>	<b>Agosto 2008</b>	<b>Variación (%)</b>
Castela-León	33.560	38.944	-13,8
Cataluña	33.163	37.526	-11,6
<b>GALICIA</b>	31.043	34.365	-9,7
Castela-A Mancha	16.068	17.577	-8,6
Madrid	9.431	15.310	38,4

Tamén para o gando BOVINO a variación nos mesmos meses e en anos consecutivos:

<b>Peso total das canais de bovinos sacrificados</b>			
<b>Comunidade Autónoma</b>	<b>Agosto 2009</b>	<b>Agosto 2008</b>	<b>Variación (%)</b>
Castela-León	8.735	9.914	-11,9
Cataluña	8.306	9.459	-12,2
<b>GALICIA</b>	6.870	7.588	-9,5
Castela-A Mancha	5.007	5.407	-7,4
Madrid	2.808	4.787	-41,3

En canto á AVICULTURA, as principais comunidades autónomas referíndonos ao sacrificio das aves foron as seguintes:

**Nº total de aves sacrificados (expresadas en miles)**

<b>Comunidade Autónoma</b>	<b>Agosto 2009</b>	<b>Agosto 2008</b>	<b>Variación</b>
Cataluña	16.038	17.262	-7,1
Comunidade Valenciana	8.618	8.423	2,3
<b>GALICIA</b>	6.441	6.369	1,1
Andalucía	6.207	8.396	-26,1
Castela-León	4.175	4.101	1,8

En relación canais das AVES os resultados obtidos no mesmo período de tempo foron os seguintes:

**Peso total das canais de AVES (en toneladas)**

<b>Comunidade Autónoma</b>	<b>Agosto 2009</b>	<b>Agosto 2008</b>	<b>Variación</b>
Cataluña	25.204	26.436	-4,7
Comunidade Valenciana	16.981	17.476	-2,8
<b>GALICIA</b>	14.927	14.771	1,1
Andalucía	16.496	20.964	-21,3
Castela-León	6.932	7.147	-3,0



# INFORMACIÓN PARA O CAMPO

## AXUDAS RENOVE Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS EXISTENTES

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas publicou no Diario Oficial de Galicia o día 5 de novembro de 2009 o Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real Decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012.

### ACTUACIÓNS PROTEXIDAS.

#### **1. Actuacións para mellorar a eficiencia enerxética, hixiene, saúde e protección do medio ambiente nas vivendas, e a utilización de enerxías renovables:**

- Instalación de paneis solares, a fin de contribuír á produción de auga quente Sanitaria demandada polas vivendas, en polo menos, o 50 % da contribución mínima esixible para edificios novos segundo o disposto no Código Técnico da Edificación.
- Mellora da envolvente térmica para reducir a súa demanda enerxética, mediante actuacións como o incremento do illamento térmico, a substitución de carpinterías e acristalamentos dos ocós, ou outras, sempre que se demostre a súa eficacia enerxética, considerando factores como a severidade climática e as orientacións.
- Calquera mellora nos sistemas de instalacións térmicas que incrementen a súa eficiencia enerxética ou a utilización de enerxías renovables.
- Mellora das instalacións de subministro e instalación de mecanismos que favorezan o aforro de auga así como a realización de redes de saneamento separativas no edificio que favorezan a reutilización das augas grises no propio edificio e reduzan o volume de vertido ao sistema público de sumidoiros.
- Cantas outras sirvan para cumprir os parámetros establecidos nos Documentos Básicos do Código Técnico da Edificación DB-HE de aforro de enerxía, DB-HS Salubridade, e DB-HS, protección contra o ruído.

#### **2. Actuacións para a mellora da accesibilidade das vivendas**

Consideraranse actuacións para a mellora da accesibilidade as tendentes a adecuar as vivendas á Lei de Propiedade Horizontal. En particular:

- A instalación de ascensores ou adaptación dos mesmos ás necesidades de persoas con discapacidade ou ás novas normativas que houberan entrado en vigor tras a súa instalación.
- Obras de adaptación das vivendas ás necesidades de persoas con discapacidade ou de persoas maiores de 65 anos.

## **PRESUPOSTO PROTEXIDO:**

O presuposto protexido será o custo total da rehabilitación das vivendas, coas seguintes limitacións:

- Máximo 90 metros cadrados útiles por vivenda
- A contía máxima do presuposto protexido por metro cadrado útil non pode superar o 70% do módulo básico estatal vixente no momento da calificación provisional da actuación.

## **IMPRESINDIBLE:**

Polo menos o 25% do presuposto das actuacións protexidas ten que estar dedicado a:

- Utilización de enerxías renovables,
- Mellora da eficiencia enerxética, hixiene, saúde e protección do medio ambiente
- Accesibilidade do edificio

## **BENEFICIARIOS.**

Poden ser BENEFICIARIOS:

- O promotor da actuación
- O propietario da vivenda
- O inquilino autorizado.

Sempre que:

- Non incorran nas prohibicións para ser beneficiario do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Non obtiveran axudas financeiras nin préstamos convidados, para o mesmo tipo de actuación, ao abeiro de plans estatais ou autonómicos nos 10 anos anteriores á solicitude actual.
- Destinar á vivenda a domicilio habitual e permanente durante 5 anos
- Ingresos familiares que non superen 6,5 veces o Iprem. Nunha ficha aparte poderá ver a táboa de ingresos.



## FINANCIACIÓN DA REHABILITACIÓN :

<b>Contía máxima da subvención por vivenda</b>	<b>Límite máximo de carácter xeral</b>	<b>Propietarios ou ocupantes das vivendas maiores de 65 anos. Persoas con discapacidade.</b> Sempre que as obras se destinen á eliminación de barreiras ou á adecuación da vivenda ás súas necesidades específicas	<b>Vivendas rehabilitadas con destino a aluguer durante un prazo mínimo de 5 anos, nas mesmas condicións que as vivendas protexidas destinadas a arrendamento</b>
25% do presuposto protexido	2.500 €	3.400€	Máximo 6.500€

## INCOMPATIBILIDADES:

Non poderán obter a financiación deste programa as actuacións en vivendas emprazadas en:

- ARIS (Areas de Rehabilitación Integral)
- ARUS (Areas de Renovación Urbana).

Non esqueza:

A suma das axudas financeiras estatais e as da Comunidade Autónoma, así como doutras Administracións ou organismos públicos, nacionais ou internacionais, non poderá superar o 75% do custo do orzamento protexible.

## QUE TEN QUE FACER?

- Presentar a solicitude de cualificación da actuación como protexida.
- Cando saia a orde de convocatoria, solicitar as axudas no modelo normalizado da orde, xunto coa documentación técnica e persoal que se indica no anexo da solicitude.
- Realizar as obras nos termos da resolución de concesión, previa obtención das licencias e permisos preceptivos segundo a normativa sectorial.
- Rematadas as obras, deberá aportarse a documentación xustificativa da súa realización.

Para máis información pode conectar co Instituto Galego da Vivenda e Solo, sito en Área Central, no Polígono de Fontiñas en Santiago de Compostela (Tefno. 981.541982) ou no concello onde se atope a vivenda a rehabilitar



*A información do Censo Agrario pode ser útil para a reactivación e modernización do sector...*

## **CENSO AGRARIO 2009**

O Censo Agrario é realizado en todos os Estados membros da Unión Europea segundo normas e regulamentos do Parlamento Europeo e do Consello de Europa.

O Instituto Nacional de Estatística (INE) pon á disposición de agricultores e gandeiros os medios e axuda necesarios para a cumprimentación correcta dos cuestionarios. A fiabilidade dos resultados finais do Censo Agrario depende da colaboración dos titulares das explotacións, tanto no que se refire á autenticidade e exactitude dos datos, como á puntualidade con que son subministrados.

Segundo os datos facilitados por EUROSTAT os resultados da última enquisa de 2007 revelan que en España o número de explotacións agrícolas diminúe e increméntase a Superficie agrícola utilizada media por explotación.

### **Estrutura das explotacións agrícolas**

España ocupa o cuarto lugar en número de explotacións da Unión Europea . Máis da metade das explotacións agrícolas españolas teñen menos de 5 hectáreas. Por outra banda, as explotacións de máis de 100 hectáreas representan un 5 % do total.

As explotacións agrícolas traballan, maioritariamente, superficies en propiedade, aínda que o aluguer representa un 36 % nas explotacións con superficies entre 50 e 100 hectáreas.

Máis da metade dos xefes de explotación son maiores de 55 anos, mentras que os menores de 35 anos supoñen un 5 %. Un de cada 5 xefes de explotación é muller.

### **Os cultivos**

España é o segundo Estado comunitario en canto á extensión agrícola con cerca de 25 millóns de hectáreas de superficie agrícola utilizada.

Os cultivos herbáceos ocupan o maior número de hectáreas, aínda que en menor proporción que na Unión Europea. Séguenlle os cultivos leñosos cun 35 % fronte ao 7 % europeo. Por superficie cultivada o olivar ocupa a primeira posición a nivel mundial.

### **A gandería**

En España existen máis de 23 millóns de cabezas de gando porcino e máis de 18 millóns de gando ovino, o que nos sitúa en segundo lugar da Unión Europea en ambas especies, mentras que en gando bovino ocupamos o sexto lugar.

O sector porcino español representa o 15 % do total da Unión Europea, sendo o segundo maior produtor de carne de cerdo despois de Alemaña.